

**GaliciaHoxe.com**

**non ás touradas**

## **Solicitarán a prohibición das corridas en Pontevedra**

### **Colectivos do Lérez piden anular as subvencións**

**31.07.2010**

**E.P. . PONTEVEDRA**

Representantes de diversos colectivos sociais, ecoloxistas e en contra das corridas de touros, solicitaron en Pontevedra que as administracións local, provincial, autonómica e central, procedan á reforma da lexislación en materia de protección ós animais para que se prohiban os espectáculos taurinos e anulen as subvencións a estas actividades.

Na véspera da manifestación unitaria que convocaron para hoxe a partir das 20.00 horas na Praza da Peregrina de Pontevedra, os voceiros das 14 organizacións promotoras desta iniciativa acudiron á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, onde despregaron unha pancarta coa lema "A tortura non é arte nin cultura, touradas fóra de Pontevedra". Posteriormente rexistraron un escrito coas súas demandas.

Así, o representante da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, Xulio Carmona, apela ó exercicio de "valores non compatibles cos malos tratos animais", polo que lle propuxo á Administración que promova "o debate e o cambio". O escrito rexistrado insta o Goberno Central e a Xunta para modificar a normativa legal para que prohiba os malos tratos "a todos" os animais. Os promotores desta iniciativa acusan a Deputación de Pontevedra de ser "a que está dando sustento económico" ás corridas de touros e solicítanlle ó concello "que non as apoie na publicidade das festas" e que promova a declaración de Pontevedra como "cidade amiga dos animais".

Estes colectivos continuarán a súa campaña durante a próxima semana, cunha charla por parte de Amigos da Terra sobre os aspectos legais que tipifican os malos tratos animais, un debate social con partidarios e detractores das corridas de touros, e uns pasacalles.

### **REACCIÓNS**

#### **As figuras do toureo reúnen en Madrid e piden falar con Sinde**

As principais figuras do toureo, como Julián López "El Juli", Miguel Ángel Perera e José María Manzanares, reuníronse onte en Madrid para crear unha unión en defensa dos touros e acordaron pedir unha entrevista coa ministra de Cultura, Ángeles González-Sinde, e cos partidos políticos.

O empresario e apoderado Victoriano Valencia, que acudiu en nome de Enrique Ponce, relatoulle a Efe que á reunión asistiron tamén o ex matador Curro Vázquez, actualmente apoderado de Cayetano Rivera e José Antonio "Morante de la Puebla", ademais de Roberto Domínguez, apoderado de "El Juli". O empresario da praza de touros de Barcelona e apoderado de "El Fandi", Antonio Mantilla, tamén acudiu. Pretendían con esta cita chegar a un acordo común do estamento taurino para defender os touros en

Cataluña e en toda España por temor a que se estenda o abolicionismo, segundo Valencia.

A primeira medida adoptada, e a máis urxente, foi pedir para principios de setembro unha reunión coa ministra de Cultura para "ver se por aí nos poden botar unha man", sinalou Valencia. Esta é unha das demandas históricas do toureo: deixar de depender do Ministerio de Interior e pasar ó de Cultura, unha esperanza á que se agarran agora os toureiros para defenderse, facer unha contraofensiva á prohibición en Cataluña.